Num. 269

FOUCE

Febreiro 2009

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

ESPAÑA | FRANQUEO CONCERTADO | F.C. NÚM. 15000077

A Terra Chá non se vende: presentadas máis de un milleiro de alegacións



O pasado quince de febreiro preto de 5.000 persoas encheron a Praza da Quintana en Santiago de Compostela para oporse á destrucción da Nosa Terra. As asociacións de persoas afectadas polas concesións mineiras n´A Terra Chá participaron nesta manifestación convocada pola rede cidadá Galiza non se Vende, xusto nun momento de máxima loita na comarca, tras producirse a apertura consecutiva de prazos de presentación de alegacións ás diferentes solicitudes para a extracción de cuarzo realizadas pola empresa Erimsa. Máis dun milleiro de alegacións presentadas deixanno ben claro: A Terra Chá non se vende. **Páx.5**

sindicato labrego galego
comisións labregas

TÁBOA

O SLG tramitará a PAC, o CES e fará o aconsellamento

O SLG vese na obriga de ofrecer estes servizos ao carecermos dunha cobertura pública e gratuíta para estes novos requerimentos burocráticos. **Páx.3**

Encontro da mocedade do SLG: en Melide o 4 e 5 de abril

"As políticas de instalación de mozas e de mozos na actividade agraria: do papel á realidade". Aberto a moz@s até os 35 anos. Infórmate nos locais do Sindicato Labrego. **Páx.6**

Ameaza transxénica en Arzúa, Ribeira, Mesía, Vilalba e Chantada

As multinacionais da biotecnoloxía realizaron solicitudes de concesión para a sementeira de campos experimentais de millo transxénico na Galiza para o presente ano. **Páx.11**

O Real Decreto de Titularidade Compartida é insuficiente

O Consello de Estado vén de indicar nun informe que este Real Decreto funciona só coma un rexistro e carece do rango normativo axeitado para buscar a cotitularidade real. **Páx.13**

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: *Sandra Varela, Carme Freire, Lidia Senra, Manuel Docampo, Isabel Vilalba, Xosé Pérez Rei e Charo Sánchez Parga.*
Deseño e maquetación:
Xosé García e Vera Montoto
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

sindicato labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
SANTA COMBA - R/ Lugo,nº9, entr. esq.
Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4, 1º.Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n 981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Tlf: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tlf: 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA - Rúa Virxe do Portal 11 32.400 -Tlf. 988 477230-Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde. Tlfno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent. Tlf. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán. 982 533672
CHANTADA - Praza do Concello, baixos AISSTlf/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Leopoldo Calvo Sotelo, número 3, 1ºE.-27700 Ribadeo.
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A. Tlf.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º Tlf/Fax 986 573232
LALÍN -Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 711825

Charo Sánchez Parga, labrega de Laza, vogal do SLG no CRAEGA

"Demandamos que só o produto galego se identifique co logo do CRAEGA"

Pasou xa un ano dende a renovación do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), tempo máis que prudente para poder facer unha valoración sindical do seu funcionamento nesta etapa.

Viñamos de tempos de xestión escurantista e de concibir este órgano como unha plataforma de control do sector e impulsora dos negocios particulares do presidente, cuestión que levou á Consellaría do Medio Rural á destitución de Gabino Vázquez, como consecuencia das insistentes denuncias da entón representante do SLG Ágatha Bröskamp.



Charo Sánchez, ademais de vogal do SLG no CRAEGA, é representante do SLG na Plataforma Galega Antitransxénicos e membro da Executiva Nacional. Ten unha explotación de horta e gando ovino en Laza, Ourense.

■O actual presidente, José Antonio Fernández Álvarez fora vicepresidente na etapa de Gabino. Significa isto que a dinámica da dirección do CRAEGA segue a ser escurantista e caciquil, ou como definirías ti esta etapa?

A dinámica neste primeiro ano é de rodillo, aínda que a vocación segue a ser escurantista, transmiten máis información índa que manteñen un xeito caciquil á hora de tomar decisións.

Poderiamos dicir que téndese a non entrar no debate e, sistematicamente, votan as súas propostas que veñen reforzadas dende as decisións e estratexias desenvolvidas na Comisión de goberno, comisión á que o Sindicato Labrego Galego opúxose, xa que significa manter a dinámica anterior neste novo proceso que comeza.

■O decreto de Calidade Alimentaria que atribúe as Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) capacidade xurídica propia, obriga a cambiar os regulamentos internos dos seus órganos. Como está sendo este proceso, e que aspectos subliñas dos resultados dos debates?

Aquí é onde funciona o caciquismo, fíxose unha proposta de regulamento máis ao xeito da industria que do sector produtor.

Aínda que o SLG fomos a única organización que presentou alegacións en tempo e forma, e que prantexou un debate durante o proceso, o que queda claro é que non queren participación real.

Nós propuxemos que estiveran os consumidores no pleno con voz sen voto, mais non quixeron isto.

Despois aprobaron, cos nosos votos na contra, que estiveran representadas no pleno as empresas de importación, feito que deixa ben claro cal é a aposta do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

■Diferenciar o produto galego do que vén de fóra, foi unha das batallas das representantes do Sindicato Labrego Galego co apoio dalgunhas industrias, que ao parecer non prosperou na proposta final. Que intereses pode haber para que unha medida de defensa do propio non prospere?

O interese coma sempre vén a ser o da industria elaboradora, que esta a traer materia prima de fóra, e as importadoras. E logo chega ao consumidor/a coma produto de aquí e certificado polo CRAEGA.

Nós demandamos que o produto galego se identifique co logo do CRAEGA, e o que traian de fóra e só o envasan ou transforman aquí que se identifique co aval europeo.

Deste xeito non se confundirá ás consumidoras/es, e avalaremos o bo saber facer e a calidade das producións da nosa xente.

■Pensa vostede que a decisión da Consellaría será a de protexer o producido eiquí, ou que seguirá coa confusión existente na actualidade?

A nosa inquedanza de cara á protección do noso produto foi transmitida á Consellaría en diversas xuntanzas. Ademais, cando se debateu no pleno, os representantes da consellaría atopábanse presentes.

Nós prantexamos diferentes propostas de como facelo, mais non temos constancia de que vaian a poñer en marcha medidas encamiñadas á protección do noso produto e á nosa calidade fronte o foráneo.

■Unha das históricas reivindicacións do Sindicato Labrego Galego no referido á produción ecolóxica é o de regular a venta directa de fresco, cal é a situación actual?

Isto é unha teima que logramos botar a andar neste proceso, dende sempre vimos dicindo que tiñamos que ter un mecanismo que permitira ás explotacións que facemos vena directa a identificación do noso xeito de produción.

O que ten que quedar ben claro é que por "venta directa" haberíase de entender a comercialización dos produtos da propia explotación, a que realice o/a titular ou representante da mesma nas fincas da súa propiedade, en mercados locais, prazas de abastos, postos, etc. de toda Galiza ou eventos de similar índole que permitan realizar este tipo de actividade, así como as ventas realizadas directamente a asociacións e/ou cooperativas de consumidores.

Agora hai que botalo andar e ver coma resulta para as explotacións.

■Como valorarías este ano e que esperas do seguinte?

Foi un ano de loita, inmersas no proceso da nova regulación.

Agora ábrese outra nova fronte co debate do manual de calidade e das normas técnicas de produción dos diferentes sectores, e nós estaremos alí defendendo o mellor para os produtores e produtoras do País.

Esta publicación está cofinanciada pola
DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Ana Rodríguez, Secretaria de Desenvolvemento Rural no Sindicato Labrego Galego

C.E.S, aconsellamento e entidades de aconsellamento

O día 1 de febreiro fixo un ano dende que se publicaron, ao mesmo tempo que as axudas da PAC, as axudas para o Contrato de Explotación Sustentábel (CES) que, para entedernos, son as axudas agroambientais de antes. Anticipándonos á publicación do CES, no Sindicato Labrego transmitímoslle á Consellaría do Medio Rural que nestas axudas había varios aspectos, algúns moi importantes, cos que non estabamos dacordo e incluso lle dixemos que era mellor non publicalas nese momento porque estaban sen definir moitas cousas.

¿ ? ¿ C € $? ¿ ? ¿ C € $? ¿ ? ¿ C € $? ¿ ?

Como ben sabedes, co **Contrato de Explotación Sustentábel (CES)** houbo moita desinformación, sinxelamente chegaban informacións contradictorias ou nin chegaban.

Tamén sabedes as/os que solicitáchedes, que inda están comezando a chegar agora ás nosas casas as resolucións do CES 2008, un ano máis tarde, o que é moi grave xa que vainos supoñer:

1.- Que **a axuda do CES do ano 2008 cobrarémola a finais do ano 2009**, sendo optimistas.

2.- Que os/as labregos e labregas que se cambiaron **das agroambientais ao CES**, porque así o decidiron ou porque estaban no cuarto ano das agroambientais e non lles quedou máis remedio, **tampouco van cobrar ata finais do ano 2009.**

Os/as que se quedaron en agroambientais xustificaron coma todos os anos, antes do 15 de setembro, e xa cobraron algo.

3.- Se temos en conta os **prezos** do leite, da carne, etc, e que hai explotacións que non cobraron a PAC por problemas diversos, nin o CES, **a situación é critica**

4.- O día 1 de febreiro deste ano publicouse a convocatoria de 2.009.

Acabamos de receber a resolución de 2.008 co cal non podemos valorar nada desta axuda **e este ano pediremos a cegas outra vez.**

Unha das obrigas que nos impón a sinatura do CES é contar cos servizos dunha entidade de aconsellamento -no DOG poñía que dispoñiamos de seis meses dende a aprobación para asinar contrato coas entidades-. Isto é tamén moi grave.

Qué supón todo isto?

1.-Galiza foi a única, dentro do Estado Español, que estableceu a obrigatoriedade do aconsellamento. **Tanto na normativa da Unión Europea como na Estatal o aconsellamento é voluntario**.

2.- A pesar da promesa que o conselleiro nos fixera de que se botaría a andar no 2008 un servizo de aconsellamento prestado por unha entidade pública (o INGACAL) **non hai na Galiza ningunha entidade pública ou administración que nos ofreza ese servizo.**

Dende o inicio a Consellaría do Medio Rural estivo en contra do aconsellamento público. En Navarra, a única que vai prestar servicios de aconsellamento neste momento, é unha entidade pública do Goberno Navarro quen o fai.

3.- Na Galiza hai inscritas neste momento 75 entidades de aconsellamento de todo tipo: de cooperativas, de sindicatos agrarios, de asociacións, de empresas...

Aínda que figuran como entidades sen ánimo de lucro, na práctica ninguén vai soportar prestar un servizo a perdas.

No Sindicato Labrego Galego fixemos campaña para que todos e todas pediramos o INGACAL como entidade de aconsellamento.

Como non hai asesoramento público de ningunha maneira, acordamos non deixar as/aos afiliadas/os sen este servizo polo que se crearon catro entidades: Aprocam en Lugo, Terras de Valcarce na Coruña, Terras de Ourense (Ourense) e Montes Baixos en Pontevedra.

Tramitarán CES e PAC esta campaña 2009 e farán aconsellamento e o seguimento do CES, polo que pasade polas vosas oficinas do SLG para informarvos destas cuestións.

Galiza foi a única, dentro do Estado Español, que estableceu a obrigatoriedade do aconsellamento

4.- No mes de agosto saíron publicadas as axudas ás explotacións para que este servizo que lles temos que pagar ás entidades de aconsellamento nos saian máis barato (non gratis). Estas sí que nos viñeron aprobadas.

No SLG solicitamos aqueles/as que tiñamos pedido un CES e, en moitos casos, estamos pendentes de saber canto nos veu aprobado do CES para saber se nos compensa meternos en aconsellamento, contabilidade, libro de explotación, "baseline", etc.

Na práctica, sabemos que temos a axuda para pagarlle a entidade de aconsellamento e aínda non sabemos se queremos aconsellamento porque non sabemos nada do CES.

Non podemos valorar nada desta axuda e este ano pediremos a cegas outra vez

Temos que ter moi presente que : **O compromiso cunha ou con outra entidade de aconsellamento é por cinco anos, pero as axudas que nos dan para pagarlle son como máximo 3 anos no periodo 2007-2013.**

Ninguén traballa gratis e tocaranos pagar a pesar de que pode haber quen vos diga que "hai duros a catro pesetas".

5.- Estas entidades (75 na Galiza) poden tamén ser este ano entidades colaboradoras para tramitar a PAC como son os bancos, caixas e, máis recentemente, cooperativas.

Entón xa chegamos ao absurdo e á privatización dos servizos públicos -onde van as promesas de reflotar as Axencias de Extension Agraria?- aos que deberiamos ter dereito. Non sei se entenderemos todos e todas o procedemento que temos que seguir este ano e os vindeiros para cubrir as axudas, que resumindo, é:

- Aquelas persoas que tramiten o CES teñen que pasar por unha **entidade de aconsellamento obrigatoriamente.**
- Se esta entidade de aconsellamento é **entidade colaboradora,** poderá cubrirnos o CES e a PAC.
- Se **só é entidade de aconsellamento** teranos que asesorar e cubrir os papeis do CES, e despois iremos con iso a unha entidade colaboradora para que nos cubra a PAC e nos meta no ordenador os datos do CES que previamente nos cubriu a outra entidade.

Aínda que poida parecer que isto non pode ser posíbel seica é o que nos espera este ano 2009.

Por este motivo, as entidades de aconsellamento do SLG tamén son agora entidades colaboradoras, para que non teñamos que andar cos papeis dun lado para o outro pregutando que nos cobren nun sitio e que nos cobren noutro.

Imaxinemos que non temos unha entidade de aconsellamento próxima. Imaxinemos tamén para que quedan as oficinas de extensión agraria.

Ou o que é peor, para qué queremos a Administración pública se **o que se pretende é que para todo vaiamos a empresas privadas?**

6.- As entidades de aconsellamento non están só para asesorar na implantación do CES. Van realizar tamen asesoramento no tema da condicionalidade, riscos laborais, incorporación de mozos/as...

O dito: **a que se vai adicar todo o persoal das oficinas agrarias comarcais que, por certo, pagamos xa cos nosos impostos?**

Non queremos que nos obriguen a vincularnos a ningunha entidade por 5 anos a cambio dunhas migallas de diñeiro público

7.- As entidades teñen tamén unha subvención decrecente durante os cinco primeiros anos. **Cando desaparezan as subvencións ás entidades e a nós para pagarlles, canto nos vai costar ese servizo?**

Non imos ter ningunha posibilidade de asesoramento público porque estará completamente desmantelado e as explotacións non teremos máis remedio que pagar.

O SLG non quere tramitar CES nin PAC, estamos obrigadas/os porque non existe un servizo público que nos tramite estas subvencións. Non queremos que nos obriguen a vincularnos a ningunha entidade por 5 anos a cambio dunhas migallas de diñeiro público.

Queremos ser cidadás e cidadáns libres para afiliarnos ou pertencer a unha entidade, non condicionados a percibir axudas ou non en función de ataduras.

O Sindicato Labrego Galego quere que existan uns servizos públicos e gratuitos de asesoramento e de tramitación para os labregos e as labregas deste país.

Non podemos permitir o desmantelamento dos servizos públicos.

Tramitaremos CES e PAC, faremos aconsellamento e o seguimento do CES. Infórmate nos locais do Sindicato Labrego Galego.

nº 269
Febreiro do 2009 FOUCE

Editorial

SLG: o orgullo de ser un obstáculo para as legalidades

O que é "legal" non sempre é xusto. Cantas veces e en cantos foros escoitamos que as nosas reivindicacions son utópicas, ilegais, fóra da realidade e, consecuentemente, implantexábeis?

En cantas ocasións nos dixeron que as nosas loitas eran infructuosas?

En cantas tentaron desmobilizarnos dicíndonos que somos cada vez menos, que non se arranxa nada saíndo á rúa, etc, etc, etc?

É vital, nos tempos difíciles que corren, que saibamos do alcance das nosas utopías e das nosas loitas.

É de futuro que nos recoñezamos e nos valoremos "imprescincíbeis" como labregas e labregos organizadas/os, con toda lexitimidade para tentar mudar leis inxustas e para seguir demostrando que o mundo e os gobernos avanzan na medida en que as persoas colectivamente os facemos avanzar.

É de orgullo colectivo, e pese a quedarmos soas/sós, defender que o noso traballo de producir alimentos ten que ter un prezo xusto recoñecido por leis, non só para protexernos ás labregas e labregos, senón tamén á poboación que come a diario.

Pois ben, por non cedermos no empeño de reivindicar o que é xusto e non só o que é "legal", os partidos políticos víronse obrigados a debater nos parlamentos galego e español **unha iniciativa, que foi aprobada*, para que se arbitren mecanismos legais que poñan prezos mínimos aos alimentos e marxes de ganancia máxima ás empresas de distribución dos mesmos.**

Está neste momento en mans do goberno do Estado elaborar as normativas que desenvolvan a Proposición non de lei aprobada polo Parlamento español.

Está nas nosas mans facer valer que os Gobernos non se supediten aos interes das multinacionais, e que non fique esquecida nos diarios de sesións esta iniciativa emanada do Parlamento.

A pregunta que nos facemos é: se non tiveramos sido o Sindicato Labrego Galego un obstáculo para aplicar as leis e, consecuentemente, se non nos tiveramos negado a asinar os contratos homologados sen prezo mínimo, por moi "legais" que foran, teríase levado semellante iniciativa "revolucionaria" de modificación de normativa de prezos aos parlamentos?

A resposta é clara: non debemos perder nunca o orgullo de reclamar o que é xusto até conseguir que o xusto para as persoas e os pobos sexa o "legal".

**O documento pódese consultar nos locais do SLG.*

A Terra Chá non se vende

Máis de 1.000 alegacións na contra das concesións mineiras

A veciñanza da comarca sabe millor ca ninguén que dende decembro do ano pasado a loita contra as solicitudes de concesión para a extracción mineira nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e A Pastoriza atópase nun momento crucial. Dous anos despois de que Erimsa obtivera as concesións para a extracción de cuarzo na Terra Chá, a Administración pechou o pasado 28 de febreiro o derradeiro prazo de presentación de alegacións. Froito dun intenso traballo coordenado polas traballadoras dos locais do SLG en Vilalba e Meira acadouse a presentación de máis de mil alegacións.



As asociacións de persoas afectadas polas concesións mineiras n´A Terra Chá participaron na manifestación da rede cidadá Galiza non se Vende o pasado quince de febreiro en Santiago de Compostela, na que perto de 5.000 persoas encheron a Praza da Quintana.



Entrega de máis de trescentas alegacións no concello de Cospeito o pasado dazanove de xaneiro.



Charlas informativas realizadas por representantes dos colectivos afectados polas solicitudes de concesión.

O Sindicato Labrego Galego sempre manifestou a súa oposición a estas concesión mineiras, traballando en todos os ámbitos -legal, mobilizacións, etc- e facendo forza común con todas as organizacións e colectivos.

Promoveu, tanto como sindicato agrario como grazas ao activo papel da afiliación, varios recursos de revisión pedindo a nulidade das mesmas.

Estes recursos atópanse na actualidade sen resolver e en distintas fases, atopándose os que foron presentados en primeiro lugar -26/04/2007-, pendentes de resolución na Sala do Contencioso Administrativo, Seccion 3ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Foron presentadas tamén alegacións á Lei de Minaría aprobada a principios do 2008, sendo éstas aceptadas e manténdose a prohibición da actividade extractiva en solo de especial protección agraria.

Nestes últimos meses realizáronse numerosas asambleas na comarca, así coma charlas informativas, roldas de prensa e presentación conxunta de alegacións.

Na actualidade, do número de alegacións presentadas depende o feito de que malia ter conseguindo a empresa multinacional ERIMSA as concesións, a Administración non lle permita a explotación das mesmas.

As alegacións presentadas teñen o obxectivo de demostrar a importancia da actividade agraria nas zonas afectadas e a calificación de especial protección agraria do solo afectado.

Nas alegacións precísase parroquia a parroquia as leiras que se verán afectadas en cada concello e que actualmente están en fase produtiva para explotacións agropecuarias.

Ademais fíxose constar nas alegacións a necesidade de facer prevalecer as declaracións de utililidade pública previas á concesión: montes veciñais, concentracións parcelarias, regadíos etc. para non permitir a explotación das nosas terras.

O Sindicato Labrego puxo a disposición de todos os veciños e veciñas a nosa asesoría xurídica para redactar estas alegacións.

Dende o SLG valoramos moi positivamente esta campaña, na que tiveron lugar case un vintena de reunións informativas nos tres concellos afectados e se presentaron case un milleiro de alegacións na contra das concesións de licencia para a explotación mineira solicitadas pola multinacional Erimsa.

Loitando xunt@s

Cómpre salientar a extraordinaria participación das veciñas e veciños, acudindo masivamente a tódolos encontros convocados polas asociacións de persoas afectadas.

O Sindicato Labrego Galego considera máis que contundente a resposta de oposición á extracción mineira n´A Terra Chá amosada polos labregos e labregas da comarca.

A actividade agraria e gandeira da Terra Chá e a pervivencia da comarca está en xogo, é preciso que todos e todas colaboremos, avisando ós veciños e veciñas, procurando estar pendentes das reunións que se fagan para tratar este tema, etc.

nº 269
Febreiro do 2009 FOUCE

A voz das labregas e labregos da Galiza no Foro Social Mundial 2009

Importante presenza do SLG no "Espazo polos dereitos dos pobos e nacións sen Estado"

Nas súas intervencións no Foro Social Mundial 09, o Sindicato Labrego Galego manifestou contundentemente o seu rexeitamento ao actual modelo social neoliberal, así coma ao abuso que supoñen os Tratados de Libre Comercio (TLC) vixentes neste momento canda á OMC.

O SLG subliñou unha vez máis o dereito dos pobos á soberanía alimentar, é dicir, a elexir que tipo de agricultura e alimentación desexamos, á utilización da auga e as sementes, así como a ter uns adecuados servizos de produción que favorezan o óptimo desenvolvemento endóxeno dos pobos: os seres vivos son patrimonio da humanidade e non das multinacionais, como está a ocorrer arestora.

A soberanía alimentar implica tamén a consecución de prezos xustos para as produtoras e produtores que, ao tempo, sexan asumíbeis polas consumidoras e consumidores, tendo dereito a rexeitar os produtos exteriores que compitan cos producidos por cada pobo, fomentando sempre que cheguen aos mercados os produtos de proximidade.

O Sindicato Labrego, que xa estivo presente en anteriores edicións do FSM, participou neste encontro co interese de defender os dereitos colectivos e individuais do pobo galego, e das labregas e labregos en especial.



Xosé Ramón Cendán -segundo comezando pola esquerda-, é Responsábel de Relacións Internacionais do SLG, e foi o representante do Sindicato Labrego Galego na celebración do Foro Social Mundial 2009 que tivo lugar do 27 de xaneiro ao 1 de febreiro en Belém do Pará (Brasil).

Ademais das alianzas en Vía Campesina, participou no *Espazo polos dereitos dos pobos e nacións sen Estado*, onde compartíu presenza con outras organizacións sociais galegas coma ALTERMUNDO, a CIG e a Fundación Galiza Sempre, tamén membros do Consello do recentemente constituído Foro Social Galego (FSGal).

Manifesto

Da participación galega canda outros pobos e nacións que non dispoñen de Estado xurdíu o **Manifesto do Espazo Polos Dereitos Colectivos dos Pobos e Nacións sen Estado para o Foro Social Mundial de Belém 2009: O respecto aos dereitos colectivos dos Pobos un dos fundamentos de outro mundo posíbel.**

No documento lémbrase que moitos pobos diseminados polo planeta non son respeitados, nin polos Estados constituídos nin polas organizacións internacionais, aínda sendo os principais suxeitos dos dereitos colectivos.

A pesar destes obstáculos -e mesmo da incomprensión de sectores auto proclamados progresistas- algúns pobos conseguiron o xusto recoñecemento dos seus dereitos, e outros están no camiño de conseguilo.

Temos examinado esas realidades dende a perspectiva da globalización, e considerámolas unha alternativa ao individualismo e ao desenvolvemento non sostíbel que a caracteriza. As políticas actuais globalizantes e uniformadoras opóñense ao exercicio dos dereitos colectivos dos pobos.

Por iso, é indispensábel un cambio radical da orde establecida, cambio que só será posíbel de se aplicar sen condicións o principio de que "só defendendo os dereitos colectivos e individuais pódese construír a democracia, a convivencia e a paz universais, a soberanía alimentaria e o desenvolvemento sustentábel".

A historia demostra que a non aplicación deste principio xera gran parte dos conflitos existentes hoxe no mundo.

Produción alimentar da Galiza no C. S. Faísca



O pasado seis de febreiro o centro social autoxestionado Faísca, na comarca de Vigo, organizou, en colaboración co Sindicato Labrego Galego, a charla informativa *Que comer e como producilo na Galiza*, desenvolvida por Lídia Senra.

Cada vez máis, a mocedade do noso país desexa informarse e formar parte dunha produción alimentar sustentábel, na Galiza para a Galiza, e contraria aos modelos de produción prantexados polo sistema neoliberal.

A rapazada do C.S. Faísca xestiona dende fai meses unha horta urbana na cidade de Vigo.

O vindeiro 19 de marzo Lídia Senra e Charo Sánchez Parga voltarán a Vigo, ao C. S. Revolta, para falar dos transxénicos na Galiza e no mundo.

Encontro da mocedade do Sindicato Labrego Galego, Melide 4 e 5 de abril

"As políticas de instalación de mozas e de mozos na actividade agraria: do papel á realidade" será o tema principal do Encontro da Mocedade do Sindicato Labrego Galego.

Esta xornada vai dirixida aos mozos e mozas de até 35 anos, que estean traballando xa na explotación ou pensen en incorporarse a ela a corto prazo.

As persoas que cumprades estas condicións e que queirades participar na xornada **tendes que apuntarvos no local do Sindicato Labrego Galego da vosa comarca**.

PROGRAMA PROVISIONAL

Día 4 de abril

10,00 H.- Chegada
10,30 H- Apertura das Xornadas
11,00 H.- Presentación das e dos participantes
11,15 H.- Presentación de experiencias de instalación por sectores, a cargo de mozas e mozos instaladas ou instalados en diferentes sectores de producción.
12,15 H- Descanso
12,30 H.- Debate en grupos de traballo para analizar os pros e os contras das políticas de incorporación e instalación de mozas e mozos nas explotacións agrarias
13,00 H.- Posta en común
14,00 H.- Xantar
16,00 H.- Que supón para unha moza ou mozo desenvolver a actividade agraria e vivir nunha aldea? Presentación de experiencia a cargo dunha moza labrega e dun mozo labrego
16,30 H.- Debate en grupos de traballo
18,00 H.- Saída para visitar Milhulloa con produción, elaboración e venda de prantas aromáticas e medicinais.
21,00 H.- Fin da xornada

Día 5 de abril

10,00 H.- Posta en común dos grupos de traballo da tarde anterior.
11,00 H.- Como seguir o traballo para reforzar e animar á instación de mozas e mozos na actividade agraria?
11,30 H.- Debate en grupos de traballo
12,00 H.- Descanso.
12,15 H.- Posta en común
13,00 H.- Elaboración de conclusións
14,00 H.- Avaliación da xornada
14,30 H.- Comida

Emprego de fitosanitarios na Unión Europea

Endurécense os criterios na comercialización de pesticidas



O Parlamento Europeo aprobou o trece de xaneiro un regulamento sobre a produción e comercialización de produtos fitosanitarios así coma unha directiva marco sobre a utilización sostíbel de pesticidas. Estas decisións conducirán á retirada do mercado dunha vintena de sustancias e suporá a elaboración de plans de acción nacionais para o emprego destes produtos, supervisados Bruxelas.

Para que esta eliminación se faga efectiva somentes queda a aprobación formal dos textos por parte dos Estados membros da UE.

Só no Reino Unido, Irlanda e Hungría anunciaron a súa intención de votar na contra.

A industria química, pola súa banda, quéixase alegando excesos na futura regulamentación, malia que son as sustancias activas utilizadas nos produtos fitofarmacéuticos que provocan cancro, problemas de reprodución ou para o sistema hormonal as que non poderán seguir a disposición dos labregos/as europeos.

Se algunha sustancia se considerara insustituíbel por outra menos nociva e é indispensábel para garantir o mantemento dun cultivo, poderán concederse derogacións temporais por un período de cinco anos, mais as condicións de utilización nos campos serán moi estritas.

Retirada progresiva de sustancias

O acordo comezará a mostrar as súas primeiras consecuencias a finais deste ano, cando non se renove a autorización de duas sustancias activas: o *carbendazim* e o *dinocap*.

Sen embargo, a comisaria europea de Sanidade, Androulla Vassiliou, estima que a maior parte dos produtos perigosos desaparecerán do mercado de xeito progresivo, até o ano 2016, polo que os profesionais disporán "do tempo necesario para adaptarse".

A comisaria insistiu na importancia dos criterios "claros e estritos" que se aplicarán en adiante a homologación destes produtos. "Evitaranse as probas en animais" e reforzaranse "os controis sobre a venta e a utilización".

Os produtos máis perigosos serán substituídos por "alternativas máis seguras" e, no nome da Comisión, comprometeuse a realizar "avaliacións específicas sobre os riscos para as abellas".

Recoñecemento das homologacións

Bruxelas insistiu tamén no novo procedemento de comercialización. Unha vez que haxa unha lista de sustancias activas, poderá conseguirse a homologación dos pesticidas nunha gran zona xeográfica europea (norte, centro e sur).

Cada país disporá dun prazo de cento vinte días para indicar si desexa rexeitar a autorización que se conceda noutro país da súa mesma zona xeográfica a un produto determinado. Pasado ese prazo, haberá luz verde.



Desaparición de 22 sustancias das 505 que hai actualmente en circulación:

8 HERBICIDAS: *amitrol, ioxinil, glufosinato, linuron, molinato, pendimethalin, tepraloxidim e tralkoxidim.*

11 FUNXICIDAS: *carbendazim, dinocap, epoxiconazol, flumioxazín, flusilazol, iprodione, mancozeb,maneb, metconazol, quinoxifeno, tebuconazol*

3 INSECTICIDAS: *bifentrín, lufenurón e tiaclorpid. Tamén desaparecería o flurprimidol.*

Os principais puntos do paquete pesticidas

O regulamento sobre a produción e a comercialización de pesticidas, cuxa aplicación definitiva se prevé para a segunda metade de 2010, establece os seguintes puntos:

■ **A elaboración dunha lista positiva de sustancias activas a nivel comunitario.** Sobre a base desta lista, os Estados memros serán os encarregados da autorización dos pesticidas.

■ **A retirada de certas sustancias moi tóxicas** (as que teñen efectos neurotóxicos, inmunotóxicos e que provoquen problemas do sistema endócrino).

■ **A posibilidade de conceder autorizacións temporais**, por un período de cinco anos renovábel, as sustancias perigosas co fin de combater unha ameaza seria para a saúde das plantas.

■ **A división da UE en tres zonas (norte, centro e sur) para a homologación de pesticidas**, vía recoñecemento mutuo. Os Estados membros poderán prohibir un produto no seu territorio alegando motivos medioambientais ou agrícolas específicos nun prazo de 120 días trala autorización por parte dun país da súa mesma zona.

■ **A desaparición progresiva dos produtos perigosos presentes actualmente no mercado.** Estes comercializaranse até que expire a validez da súa autorización. En canto á directiva sobre utilización sostible dos pesticidas, os Estados membros deberán traspoñer a súa lexislación antes do 2011.

Os principais puntos deste texto son os seguintes:

1. A aprobación, por parte dos Estados membros de plans de acción, con obxectivos cuantitativos, medidas e calendarios dirixidos a "reducir os riscos e consecuencias da utilización de pestecidas" para a saúde humana e o medio ambiente, así como con medidas dirixidas a fomentar unha xestión integrada de loita contra os parasitos e métodos alternativos de control. O obxectivo de redución do 50% que manexaba inicialmente o Parlamento non foi adoptado.


2. A prohibición da fumigación aérea dos cultivos, salvo excepcións que serán sometidas a aprobación das autoridades.

3. A instauración, por parte dos Estados membros, de "medidas adecuadas" para protexer o medio acuático e as captacións de auga potable da contaminación por pesticidas.

Entre as mesmas figura a creación de zonas tampón o largo dos cursos de auga e nas proximidades das capas freáticas e das zonas protexidas o largo de estradas e autoestradas.

4. A prohibición de utilizar pesticidas nas zonas utilizadas habitualmente pola cidadanía (instalacións de recreo, deportivas, parques, xardíns públicos, instalacións sanitarias).




XENÉTICA PROPIA
PARA GANDO CON FUTURO
UNIDADE DE TRANSFERENCIA EMBRIONARIA
BOS
FEDERACIÓN FRISONA GALEGA
Mantoño DUNO
Bos Convincer GYPSY
Bos Allen CUXA ET
Bos James CHAMOSO
Mario XACOBEO
XENÉTICA FONTAO
XACOBEO
Nº 1 de España
EMBRIÓNS
XOVENCAS
TOUROS NOVOS
FAMILIAS DE VACAS
SEMENTAIS PROBADOS
MARIO XACOBEO ET TL TV MB-89
+1.181 Qc.L.
+30 Qc.PROT.
TIPO: +3,54
UBRES: + 3,48
ESTATURA: +2,98
ANGULOSIDADE: +2,40
UBRE ANT.: +4,02
PROF. DO UBRE: +3,27
PATAS: +2,43
PROGRAMA de MELLORA
GANDEIRA de GALIZA
www.melloragandeira.com
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
medio rural

A ONU pretendeu privatizar a xestión dos cartos públicos que adicamos a loitar contra a fame no mundo

Bloqueamos a Alianza Mundial de transnacionais da alimentación

A Conferencia de Alto Nivel sobre a Seguridade Alimentaria celebrada en Madrid o vinteseis de xaneiro, artellada polo Goberno español en connivencia cos países do G8 , estivo escandalosamente dominada polo Banco Mundial (BM), o FMI e a OMC, así como polas empresas transnacionais como a polémica Monsanto, ás que se lles deu voz nos espazos de debate, namentres que os/as representantes dos pequenos/as labregos/as - que producen o 80% dos alimentos a nivel mundial - ficaron con só uns minutos para achegar os seus posicionamentos.

A Vía Campesina, canda varias decenas de diferentes movementos sociais, reclamaron na Conferencia de Alto Nivel sobre a Seguridade Alimentaria en Madrid, unha profunda reestruturación do sistema alimentario mundial.

Con mobilizacións no exterior do Palacio de Congresos, sede da Conferencia, mostraron o seu descontento pola exclusión na mesma dos principais interesad@s no debate sobre a crise alimentaria, os labregos e labregas, aos que impediron ter unha participación significativa.

Durante os últimos trinta anos, a política agrícola internacional foi dominada polas políticas das institucións internacionais -Banco Mundial, o FMI e a OMC- e, a pesares das súas promesas de reducir á metade o número de persoas que morren de fame no mundo para o ano 2015 a través dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, este vergoñento drama seguíu a aumentar en todo o mundo, alcanzando máis de mil millóns de persoas este ano.

As políticas desenroladas por estas institucións e as empresas transnacionais fracasaron completamente.

Os/as pequen@s agricultores/as e os movementos sociais de todo o mundo, promovemos perante das institucións un modelo baseado na soberanía alimentaria e orientado aos/ás labreg@s, coa agricultura de pequen@s e median@s produtores/as e a pesca artesanal como eixo fundamental, dando prioridade aos mercados locais e métodos de produción sustentábeis, un modelo baseado no dereito á alimentación e o dereito dos pobos a definir as súas propias políticas agrícolas.

A crise alimentaria non é unha oportunidade para gañar máis diñeiro mediante a venda de fertilizantes, agroquímicos e sementes modificadas xeneticamente, como plantexou a ONU nesta Conferencia.

A agroindustria e os organismos financeiros internacionais non poden ser os que lideren as respostas á crise alimentaria, carece de toda lóxica confiar a solución do problema a quenes o causaron.

Dende o SLG, coma integrantes da Vía Campesina, esiximos que se poña fin ao desenvolvemento de novas iniciativas como o Grupo Operativo de Alto Nivel ou a Alianza Mundial que se propuxo nesta ocasión en Madrid.

Iniciativas similares, como o Consello Mundial da Alimentación e a Alianza Internacional contra a fame, fracasaron.

Facemos un chamamento para un único espazo no interior da ONU para facer fronte á crise alimentaria coa participación plena dos movementos sociais e @s pequen@s produtoras/es .



Lídia Senra -no centro da pancarta-, Secretaria de Organización do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, é responsábel de sectores gandeiros dentro da Coordenadora Europea Vía Campesina (V.C.)

A Vía Campesina realizou en París un seminario sobre Política Agraria

A Vía Campesina (V.C.), xunto con diferentes colectivos aliados, organizou no mes de xaneiro en París un seminario sobre a necesidade de outra Política Agraria Común baseada nos principios da soberanía alimentaria, que priorice o dereito á alimentación e o mantemento de ingresos dignos para as productoras e productores de alimentos.

No seminario, no que estivo presente Isabel Vilalba, responsable da Secretaría de Servizos ao Rural e Soberanía Alimentaria do Sindicato Labrego Galego, as persoas participantes coincidiron en sinalar a ilexitimidade da Política Agraria Común actual, que cada vez ten menos o obxectivo de satisfacer as necesidades alimentarias en Europa e máis o de competir no contexto do mercado mundial con productos baratos para que a industria obteña grandes beneficios, aínda que isto signifique arruinar a miles de labregas e labregos e que a cidadanía teña acceso a alimentos de peor calidade día a día.

Reivindicar a soberanía alimentaria é ao mesmo tempo unha loita social global é unha loita polos intereses sectoriais, polo dereito a regular o mercado de alimentos e que estes non sexan elementos para a especulación, pola relocalización das producción, por prezos que non sexan abusivos para os consumidoras e consumidores e que á vez remunen o traballo dun xeito digno.

A loita pola Soberanía Alimentaria transcende na actualidade a proposta da Vía Campesina e xa se converteu nunha reivindicación da sociedade civil, sendo un principio político fundamental en países como Bolivia, Ecuador, Nepal e Mali, que agora se enfrontan ao reto de traducilo en medidas concretas.

A organización dos mercados orientada unicamente a eliminar trabas para os intereses dos grandes capitais e a desregulación das políticas agrarias acoplándoas aos intereses do comercio internacional están a ser a causa da desaparición dos postos de traballo de millóns de labregas e labregos en todo o mundo, inciden no deterioro do medio ambiente e no abandono do territorio, nas migracións forzadas e mesmo no incremento das persoas que están a pasar fame, que hoxe xa sobrepasan o millón de persoas.

A preocupación pola acaparación de terra en diferentes partes do mundo que están facendo, por unha banda, grandes empresas e, por outra, algúns gobernos, co obxectivo de asegurar a producción de alimentos fóra das súas fronteiras e en lugares nos que se garantan baixos custos, foi outras das preocupacións sinaladas no seminario, nos que tamén se amosaron os temores a novas reformulacións das políticas de comercio para promover máis liberalización dos mercados.

Despois do Foro Mundial sobre Soberanía Alimentaria de Nyeleni (Mali) en febreiro de 2007 decidiuse a consolidación dun espazo europeo de traballo no que se procurará o recoñecemento legal deste principio, o estudo da relación coa Política Agraria Común con atención ás liñas principais da mesma ata o 2013, da aplicación do chamado chequeo médico da PAC, da discusión sobre orzamento no 2009, e do seguimento das estratexias da Organización Mundial do Comercio, como os intentos de continuación da Ronda de Doha.

O desenvolvemento de alianzas para construír a soberanía alimentaria dende os diferentes sectores sociais constitúe unha das liñas fundamentais de traballo, con obxectivos claros como garantir o acceso a alimentación, aos recursos naturais como a terra e a auga, e políticas que garantan prezos dignos e estables, así como a eliminación das longas cadeas de comercio e dos modelos agrícolas industriais, directamente relacionados coas emisións de gases e o cambio climático, a crise enerxética e os impactos na calidade nutricional e na biodiversidade.

Nun momento en que está claro que o modelo económico do neoliberalismo está a producir consecuencias desastrosas a todos os niveis, os principios da soberanía alimentaria son formulacións claras e efectivas para loitar contra as principais crises que hoxe nos afectan: como a climática, a enerxética e a económica, facendo prevalecer como criterios fundamentais o interese xeral e os dereitos humanos e non os dereitos económicos das grandes compañías.

Neste sentido, no Foro sobre o clima que terá lugar en Copenhague no mes de decembro, o papel da agricultura labrega que defende o Sindicato Labrego Galego, e a Vía Campesina no seu conxunto, como solución e vieiro fundamental para o enfriamento do planeta, aparece como un dos eixos básicos de traballo.

As frondosas caducifolias sofreron menos danos ca os eucaliptos e os piñeiros

Efectos do temporal do mes de xaneiro no sector forestal galego

Como é sabido, os pasados 23 e 24 de xaneiro tivo lugar na Galiza un fenómeno atmosférico que deu en denominarse "cicloxénese explosiva", coñecido tamén como ciclón, furacán ou vendaval. Neses dous días sofremos un temporal que afectou a todo o país, con ventos entre os 100 e 150 quilómetros por hora, que roldaron os 200 km/h na costa norte e en zonas altas do resto da xeografía. Os danos ocasionados foron especialmente impactantes no sector forestal, dando mesmo lugar a situacións perigosas debido á caída de polas e árbores.

Folga comentar os problemas acaecidos no rural galego, con perda de colleitas, danos en infraestruturas e edificacións e sobre todo polo longo e continuado tempo que estivo cortado o subministro eléctrico.

Non obstante un dos sectores afectados, do que aínda non se teñen números exactos, foi o forestal.

Estímase que foron afectadas unhas 40.000 ha de monte, pertencentes na súa gran maioría ás zonas da costa de A Coruña e Lugo, o que supón 1.300.000 toneladas, segundo datos da Consellaría de Medio Rural.

As perdas poden superar os cen millóns de euros.

A isto hai que sumarlle a grande cantidade de madeira que debe ser retirada dos montes, o que suporá unha saturación do mercado provocando o descenso, xa anunciado palas empresas do sector dos prezos.

Pero a oferta de madeira non só chegará de Galicia.

Nas Landas francesas vírонse afectadas máis de 300.000 ha que farán saír ó mercado uns cincuenta millóns de metros cúbicos de madeira de piñeiro.

Cómpre lembrar que na anterior catástrofe sofrida no noso territorio no 1999, as empresas galegas de transformación mercaron gran volume de madeira en Francia a baixo custe.

Daquela o porto de Ferrol víu desembarcar milleiros de troncos de *Pinus pinaster*, facendo caer os prezos que percibían os produtores e produtoras galegas.

Máis este non é o único problema do que adoece o sector forestal derivado do vendaval.

Falla a reacción

As árbores afectadas deben ser retiradas axiña do monte, xa que senón comezarán a apodrecer e isto implica que a madeira non se pode aproveitar, á marxe do aumento das pragas e enfermidades que se benefician da debilidade das árbores tiradas e a medio prazo acabaran por invadir rodais enteiros.

Sen embargo os serradoiros non teñen capacidade para absorber tal volume de madeira, co cal o problema de loxística fai inviábel que a madeira poida ser retirada do monte nun prazo prudente.

A grande cantidade de madeira amoreada no terreo supón ademais un grave risco de cara aos incendios forestais.

Pero os inconvintes non rematan aquí.

Aínda que as principais vías de comunicación foron despexadas, dende o Sindicato Labrego Galego alertamos de que inda existe grande cantidade de árbores que supoñen un perigo para o tránsito polo monte no quefacer diario dos labregos e labregas, polo que deben ser retiradas rapidamente.

A incapacidade para solventar dunha vez por todas esta situacion está a conlevar que o apeo e retirada das árbores, que debera ser feita por peóns especializados/as, e non polos propietarios e propietarias que se expoñen a perigos de derrubes, golpes, caídas e aplastamentos.



Danos producidos en coníferas nun monte do concello de Baralla, comarca de Os Ancares.

As frondosas caducifolias sofreron menos danos

Se se analizan as fotografías publicadas ao respeito dos efectos do temporal, hai un dato significativo, as masas afectadas que se mostran sempre son de eucalipto e piñeiro, que pode deberse a varias causas:

As zonas máis afectadas están repoboadas con estas especies nun 80 % da superficie forestal.

As frondosas tamén se viron afectadas, pero importan menos xa que se supón, erroneamente, que non constitúen unha perda de ingresos a curto prazo.

As masas de frondosas resultaron menos afectadas que as coníferas e o eucalipto.

Esta última causa resulta de varios factores:

1.- Aproveitamento intensivo de eucalipto e piñeiro que leva a grandes densidades de plantación o que fai que as árbores medren moito en altura pero desenrolan pouco o sistema radical e o espesor do fuste.
Isto fai que o vento incida moito máis sobre as árbores e que as raíces non sexan quen de suxeitalas ó chan.

2.- O aproveitamento, tradicionalmente practicado en pequenas superficies e coñecido como "huroneo", que consiste en cortar as árbores máis grosas e deixar as que estiveron dominadas por istas e están subdesenvolvidas, co que volvemos ás consecuencias do caso anterior.

3.- As frondosas, en xeral presentan unha raíz pivotante meirande, que penetra varios metros no chan.
Non teñen moito que envexar eucaliptos e piñeiros, se ben o afán produtivo fai que s e colonicen zonas onde o chan é moi somero e non permite o crecemento óptimo das raíces, pola contra as frondosas non son obxecto de cultivo intenso e medran onde se dan as condicións ideais para facelo. Sen deixar de lado o efecto "vela" que provocan as follas, facendo maior o empuxe do vento.

Asinado acordo na mesa da madeira

Na terceira convocatoria, da Mesa da Madeira por parte da Consellería de Medio Rural despois do temporal, e tras amplos debates e negociacións, ós que Frouma fixo chegar as súas propostas, con data do 27 de febreiro de 2009 asinouse o Acordo forestal para o aproveitamento e recuperación das zonas arboradas afectadas polo ciclón Klaus.

Neste acordo están comprometidas a administración galega, as asociacións de propietarios e propietarias, a industria de primeira e segunda transformación da madeira e as empresas de servizos forestais.

No documento artéllanse unha serie de medidas destinadas a paliar os danos ocasionados polo temporal nas masas arbóreas do país, centrándose na tarefa inmediata da saca de madeira, para o que se destinaron sete millóns de euros.

A Consellaría, coa colaboración dos axentes implicados, creará un rexistro de afectados/as, procedendo posteriormente á valoración de danos.

Farase un seguimento dos prezos da madeira e levaranse a cabo os mecanismos necesarios para axilizar a saca e transporte da madeira.

Cara final de ano, proporase unha liña de axudas para a reforestación dos terreos e arranxo das infraestruturas danadas. Para acollerse a elas será necesario estar inscrito no rexistro de afectados/as.

O SLG esixe á Consellaría do Medio Rural medidas para facer fronte á liberalización total no 2015

Defendemos unha viticultura labrega fronte a industrial das multinacionais

A Dirección Nacional do Viño do Sindicato Labrego Galego (SLG-CCLL), en xuntanza celebrada en Ribadavia o pasado vintecatro de xaneiro, acordou enviar unha comunicación ao Conselleiro de Medio Rural para solicitar que de inmediato se articulen unha serie medidas urxentes e necesarias para o sector vitivinícola galego. De non facelo, estaremos perdendo a oportunidade de poñer nas mans dos viticultores/as ferramentas de defensa ante a liberalización total das plantacións prevista na Organización Común de Mercados (OMC) para o ano 2015.

No ano 2008 a Consellería de Medio Rural non reuníu a Mesa do Viño de Galiza, a pesares de terse comprometido o Conselleiro co SLG a convocala, e de ter sido o ano de aplicación da OCM vitícola.


Nesta situación a Consellaría de Medio Rural, como institución competente, debería ter dado a cara e explicar que medidas pensaba aplicar para facer que os viticultores e viticultoras poidamos manternos na actividade agraria e impedir ser substituídos/as por unha viticultura industrial ligada ás multinacionais.

O Monte Comunal galego está sendo visto por grandes empresas como a oportunidade para penetrar e facerse con boa parte da produción.

De non articularse dende a nova Consellaría medidas que impidan isto, e de non facer discriminación positiva nas axudas para a pequena e mediana viticultura labrega, estarase asinando o seu parte de defunción.

Tanto as terras forestais como os comunais xeralmente están en zonas de maior altitude, onde teñen que pór rega, entrando en competencia coas captacións dos pobos, amais dos riscos de contaminación dos acuíferos de montaña por pesticidas.

O verdadeiro compromiso co rural galego pasa obligatoriamente por articular políticas favorecedoras da produción de alimentos, ligada ás persoas e non ás grandes empresas.



MEDIDAS PROPOSTAS POLA DIRECCIÓN NACIONAL DO VIÑO DO SLG-CCLL

1-Convocatoria da Mesa do Viño de Galiza para debater sobre a situación do sector.

2-Que poñan a disposición dos viticultores e viticultoras os "Dereitos de Plantación da Reserva autonómica de Galicia".

3-Que se abra un novo prazo para a regularización dos viñedos "iregulares" (anteriores ao 31 de agosto de 1998)

4-Actualización do Catastro Vitícola en todas as comarcas de viño.

5-Axilizar ao máximo a pubicación do Decreto de Axudas a Reestruturación de Viñedo, e que se teñan en conta as segintes alegacións ao Decreto:

I. Establecer un período de solicitude de dous meses,

II. Admitir os muros de contención,

III. Admitir, para o arranque, parcelas inferiores a 100 metros cadrados, e a dimensión da parcela unha vez reestruturada sexa entre 500 e 1000 m., (o borrador pon 100 m.)

IV. Que non se admita mais de 10 Ha. por produtor/a e ano (o borrador fala de 25 Ha/ano)

V. Que se inclúa unha partida para os peches das viñas con aramados contra a fauna salvaxe.

VI. En relación ao compromiso de indivisión das Comunidades de Bens por 10 anos que este non sexa sobre a propia CB senón que sexa sobre o mantemento da viña, ao mesmo que un viticultor individual.

VII. Que se manteñan os plans colectivos con 10 viticultores/as e 10 ha (no borrador pasa a 5 viticultores/as e 2,5 ha) isto vai xerar un caos, xa que con maior número de viticultores/as e dereitos favorécese unha maior e mellor concentración e xestión dos dereitos de plantación xerados dentro dos plans, e unha maior axilidade nas tramitacións.

VIII. Que establezan medidas de control para evitar a plantación en montes comunais e en terreos forestais.

IX. No caso dos elevadores, o borrador di que a distancia ten que ser máis de 150 m. dende outro elevador para poder solicitalo, nos casos onde xa estean postos e sexan privados que se establezan medidas para poder usalos en común, ou que as medidas so afecten aos que se poñan de novo amparados polas axudas de reestruturación.

MEDIDAS APROBADAS POLA XUNTA

-O Consello da Xunta aprobou o 29 de xaneiro a creación da Reserva autonómica de Dereitos de plantación de viñedo.

-O día 4 de febreiro saíu publicado o Decreto de Restruturación e Reconversión de Viñedo sen ter en conta as alegacións que presentou o SLG ás que nos referimos neste artigo.
Nesta campaña póidose solicitar até o día 4 de marzo. O plan ten vixencia até o ano 2013 e nas vindeiras campañas o prazo de solicitude será entre o día 1 e o 31 de marzo.

Se precisas máis información sobre estas medidas ou sobre a restruturación e reconversión de viñedo co SLG-CCLL achegate aos nosos locais

Monsanto e Pionner solicitan concesións para a experimentación de 8 variedades de millo transxénico en cada concello

Ameaza transxénica en Arzúa, Ribeira, Mesía, Vilalba e Chantada

A febleza do texto aprobado por consenso no Parlamento Galego o pasado 26 de Novembro, consecuencia da covardía política d@s nos@s representantes, foi apercibido polas multinacionais da biotecnoloxía como unha porta aberta para a liberación de novos OXM´s na Galiza de xeito experimental. O pasado día vinte de xaneiro a Plataforma Galega Antitransxénicos, da cal forma parte o SLG, alertou das solicitudes de concesión para a sementeira de campos experimentais de millo transxénico feitas públicas polo Ministerio do Medio Rural para o 2009. Cinco concellos galegos, entre eles Chantada, declarado no 2008 zona libre de transxénicos(ZLT), están no punto de mira das multinancionais da alimentación manipulada xenéticamente.

Nada máis encetar o ano 2009 son xa cinco os concellos galegos que as multiancionais da produción e distribución de organismos xenéticamente modificados cobizan para os seus agronegocios: Arzúa, Santa Uxía de Ribeira, Mesía, Vilalba e Chantada.

Esta inclusión supón unha verdadeira afrenta á cidadanía galega, que nestes últimos meses mostrou activamente o seu rexeitamento cara a introducción de cultivos transxénicos no noso país.

No caso concreto de Chantada, declarado no pleno consistorial de agosto de 2008 como Zona Libre de Transxénicos-ZLT, atopámonos ademais perante dunha actitude impositiva e prepotente por parte das empresas, así coma irrespetuosa e irresponsábel por parte do Ministerio e do Goberno galego, que obvía a oposición contundente da cidadanía e da administración local.


Perante desta situación, e conscientes de que nin o Goberno central nin o autonómico están asumindo a súa responsabilidade legal en materia de participación e consulta social no eido ambiental reflectida na Lei 27/2006, a Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) tomou a iniciativa de establecer contactos cos concellos afectados, constando a falla de información sobre a existencia destas solicitudes.

A PGA resaltou que as eivas no plano informativo adoitan ser constantes ao longo de todo o proceso de implementación dos organismos modificados xenéticamente: procesos participativos abertos á cidadanía só por internet -so atopábeis tras unha profunda procura nas páxinas web do Ministerio-, descoñecemento do lugar exacto onde se van realizar as plantacións mesmo polos gobernos locais afectados, escurantismo, etc.

Neste senso, é especialmente significativa a falla de correspondencia do proceso consultivo ao respeito das persoas afectadas, nomeadamente labreg@s, que en absoluto se caracterizan por dispor dos coñecementos e/ou infraestruturas necesarias para facer saber o seu posicionamento "vía internet".

Non interesa, nin a empresas nin a gobernos, informar ou dar posibilidade de opinar á cidadanía sobor da implantación dos organismos modificados xenéticamente (OMX´s).

A introducción de cultivos, maiormente monocultivos, transxénicos é un dos primeiros pasos cara a privatización total do proceso de produción de alimentos, que suporá regalar ás multinacionais o control da alimentación, orixinalmente en mans das labregas e labregos, e renunciar ao dereito á soberanía alimentar dos pobos. É por iso que á hora de opinar, administración e empresas dificultan a participación das labregas e labregos (a competencia directa das multinacionais dos transxénicos) e da cidadanía (que pode frustrar os acordos económicos que os gobernos establecen coas agroindustrias)



Representación galega

A falla de información é se cabe máis incomprensíbel ao termos un representante da Galiza, Andrés Núñez Rajoy (Xefe de Servizo de Produción Agraria Sostíbel e Sanidade Vexetal) na Comisión Nacional de Bioseguridad, entidade que fica en entredito ao ter aprobado o cultivo de variedades de millo transxénico calificadas como "grave ameaza para a saúde" polo Goberno de Austria tra-los resultados dun estudo encarregado á Universidade de Viena.

Accións da PGA

■ Estableceu contactos con representantes locais dos concellos afectados.

■ Levará a cabo un control exhaustivo do peso que as alegación presentadas pola cidadanía terán no informe que presentará a Comisión Nacional de Bioseguridade.

■ Fará un envío masivo de solicitudes de información ambiental, amparándonos no dereito recollido na Lei 27/2006, ao Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, para procedermos á "coñecer a localización exacta mediante coordenadas xeográficas ou referencia catastral das parcelas onde se solicitaron os ensaios de liberación con códigos (B/ES/09/15; B/ES/09/18; B/ES/09/19; B/ES/09/20; B/ES/09/21; B/ES/09/22; B/ES/09/23; B/ES/09/24)".



A PGA contou na presentación da Declaración coa análise do Doutor en Economía e docente titular do departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, Xavier Simón Fernández e o científico titular do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela, Serafín González Prieto.

Ciencia e sociedade civil contra o uso de transxénicos na agricultura e na alimentación

A Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) presentou oficialmente na Galiza o pasado 18 de febreiro a "Declaración Estatal contra os OXM´s: A sociedade civil contra o uso de transxénicos na agricultura e na alimentación", dentro dunha acción coordenada a nivel estatal para a transmisión deste documento respaldado pola comunidade científica e impulsado polas organizacións Amigos de la Tierra, COAG, Ecologistas en Acción, Plataforma Rural e Greenpeace.

Devandita declaración conta coa adhesión de máis de 450 investigadoras/es, docentes universitarias/os, organizacións profesionais agrarias, asociacións ecoloxistas, de consumidoras/es, de produtoras/es de agricultura ecolóxica, ONG´s do desenvolvemento e entidades privadas. Pódese consultar nos locais do SLG ou na nosa páxina web: www.sindicatolabrego.com.

Dereito a saber onde están

Nese mesmo día fíxose pública a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea na que conclúe que os Estados membros teñen a obriga de informar aos cidadáns e cidadás da localización exacta dos ensaios de cultivos transxénicos.

Este posicionamento, que marca un importante punto de inflexión na loita antitransxénica, foi obtido grazas á tenacidade dun cidadán francés que no 2004 quixo saber onde estaban a plantar millo transxénico no seu concello, ao que se negaron as autoridades locais.

Manifestación antitransxénicos en Zaragoza o 18 de abril. Buses de balde. Apúntate no teu local do SLG, no tlf. 649 541 773 ou no enderezo prensa@sindicatolabrego.com .

Positivo avance da demanda do Sindicato Labrego Galego en materia de cotitularidade

Cómpre cambiar xa as normativas para conseguir a titularidade compartida

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, denunciou en rolda de prensa as imprecisións e limitacións do Proxecto de Real Decreto de Titularidade Compartida, facendo referencia ao contido do informe do Consello de Estado onde se indica que proxecto carece do rango normativo axeitado para buscar a cotitularidade real, tal e como se recollía nas alegacións presentadas polo Sindicato Labrego Galego ao mesmo, sendo tan só un rexistro administrativo que recolle os datos das mulleres cotitulares dunha explotación agraria.

O pasado dous de febreiro, o director xeral de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural pertencente ao MARM, Jesús Casas Grande, informou nunha xuntanza do proceso de aprobación do Real Decreto de Titularidade Compartida, acto no que se deu a coñecer o dictame do Consello de Estado onde se di textualmente: " O presente Real Decreto é só a primeira das medidas destinadas a dar cumprimento a ese mandato de promoción e desenvolvemento da titularidade compartida das explotacións, sendo, pois, de alcance limitado, debido á necesidade de operar dentro dos límites que para emitir regulamentos ten o Goberno. Esta primeira medida terá que ir acompañada, no futuro, de outras que farán necesaria ou conveniente a promulgación de leis civís, mercantís, fiscais ou laborais".

A proposta non deixa de ser unha declaración de intencións sen buscar solucións definitivas que dean cumprimento ao mandato da Lei Orgánica 3/ 2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e de homes, na que se esixía o desenvolvemento da figura xurídica da titularidade compartida "para que se recoñezan plenamente aos dereitos das mulleres no sector agrario, a correspondente protección da Seguridade Social, así como o recoñecemento do seu traballo".

Dende o Sindicato Labrego Galego, non se pode entender que se elixa pór en marcha un Real Decreto cando todos os informes sinalan que hai que facer reformas en normas con rango de lei, nin tampouco que neste proceso non estean presentes outras administracións como, por exemplo, o Ministerio de Economía e Facenda, con competencias sobre a fiscalidade das explotacións...; que, como mínimo, debería ter dito como se desenvolverá o recoñecemento da participación das mulleres nas axudas da Política Agraria Común.

O SLG considera que a creación dun mero rexistro administrativo no que consten as cotitulares é un paso moi limitado nun camiño que comeza a ser demasiado longo.



O Consello de Estado vén de sinalar que o Real Decreto de Titularidade Compartida non é a norma axeitada para cumprir aos mandatos da Lei 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes nin da Lei 45/2007 para o desenvolvemento sostible do medio rural.

Carme Freire denunciou tamén a falta de compromiso con respecto aos supostos incentivos que se contemplan para fomentar a inscrición neste rexistro das mulleres, xa que non concreta ningunha cantidade e di explicitamente na memoria económica que hai unha ausencia de repercusión orzamentaria significativa da actuación.

Non se contempla a explotación con dúas partes diferenciadas e con dereitos de participación individuais para o home e para a muller en igualdade de condicións. Concíbese como un todo de dereitos administrativos, propiedade do titular (maioritariamente homes), o que fai que haxa unha total invisibilización do traballo das mulleres, de falta de recoñecemento profesional, de subordinación respecto aos titulares masculinos, de ausencia de dereitos legais e económicos...; unha discriminación impropia dun estado que se di democrático.

Queremos lembrar que, segundo a ONU, a privación de recursos ou o mantemento das mulleres na precariedade é unha forma de violencia que non ten menos importancia cá violencia psicolóxica ou a violencia física, e que moitas veces van da man.

Graves reaccións adversas en dúas nenas ás que se lles subministrou a vacina do papiloma humano (VHP)

No mes de febreiro, o Ministerio de Sanidade e Consumo ordenou a suspensión temporal da administración dun lote -número NH52670 da marca Gardasil- dunha da vacinas contra o virus do papiloma humano, o causante do cancro de cérvix, tras detectarse na Comunitat Valenciana casos de efectos adversos en dúas nenas.

O familiar dunha destas nenas describíu para os medios de comunicación como tras a administración da segunda dose da vacina contra o virus do papiloma humano "aos dez minutos comezou a atoparse mal, a ter convulsións e finalmente perdeu o conoñecemento".

Se ben nun primeiro momento os médicos rexeitaron atribuír estes efectos á vacina, o ingreso ao día seguinte dunha rapaza cos mesmos síntomas tras administrárselle a segunda dose da vacina, constatau a relación causa-efecto. Ámbalas dúas nenas permanecen ingresadas.

Do lote relacionado distribuíronse en España 75.582 doses, das que 21.300 foron adquiridas polas administracións públicas para administralas no contexto dos seus programas de vacinación, 21.272 das mesmas na Comunidade Valenciana, 20 en Madrid e 8 en Estremadura. O resto distribuíronse á canle farmacéutica.

Pola súa banda, o Sistema Español de Farmacovigilancia, -integrado polos centros de Farmacovigilancia de cada comunidade autónoma, a Axencia Española do Medicamento (AEM) e as/os profesionais sanitarias- organismo encarregado de vixiar os efectos adversos que poden ter os fármacos, ten rexistradas 103 notificacións de sospeitas de reaccións adversas dende o inicio da súa aplicación o ano pasado até o dez de febreiro deste ano.

En canto ao balance en países onde a implantación xa leva máis tempo, cabe salientar que até mediados de xuño de 2008 houbo en Estados Unidos 18 persoas mortas e 8.864 que sufriron efectos adversos tras ser vacinadas con Gardasil.

Publicacións especializadas coma a Discovery DSalud xa avisou destes riscos en outubro de 2008. O SLG, pola súa banda, organizou o verán pasado unha charla informativa en Santiago de Compostela impartida polo doutor Xabier Uriarte, presidente da Liga pola Liberdade de Vacinación e investigador dos efectos das vacinas. *

Tratamento sospeitoso

Este tratamento estivo arrodeado dunha forte polémica dende a súa implantación, sorprendendo a súa repentina inclusión nos calendarios de vacionación da Administración, malia ao abundante número de voces contrarias e a inexactitude dos estudos nos que se basea a pertinencia da súa subministración :apenas se ensaiou en 1.500 menores de 16 anos para aplicalo logo a millóns no mundo enteiro.

De feito, mesmo foi retirado o premio Nobel concedido no 2008 ao seu creador, o médico alemán Harald zur Hausen, tras revelarse que o laboratorio sueco-británico AstraZeneca, que comercializa a vacina, patrocina a dúas empresas da Fundación Nobel, permitíndolle este feito contar con dúas personas afíns ao laboratorio no xurado do Premio Nobel de Medicina, sendo unha delas o presidente do mesmo.

Tamén a U.E. ten a AstraZeneca no punto de mira, xa que ao parecer este laboratorio leva tempo boicoteando la aparición de novos medicamentos xenéricos -máis asequíbeis- no mercado.

*** Ver artigo no Fouce número 266 sobor dos intereses económicos e os perigos para a saúde existentes na introducción da vacina do papiloma humano.**

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo
(DOG 29/12/08)

Poderanse acoller as estas axudas os/as propietarios/as de gando afectado por ataques de lobos. Estas axudas comprenden os **danos producidos polo lobo dende o 1 de outubro de 2008 ata o 30 de setembro de 2009**. A comunicación do dano realizarase nas 24 horas seguintes ao ataque mediante unha chamada ao teléfono **900 186 186**.

Subvencións para o aluguer de vivenda.
(DOG 30/12/08)

Poderán beneficiarse destas axudas as unidades familiares ou de convivencia que formalicen un contrato de arrendamento de vivenda no marco do programa de vivenda en aluguer, e cuxos ingresos anuais ponderados estean comprendidos entre 0,7 e 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

A subvención terá unha duración de doce meses. **As solicitudes de subvención para o arrendamento poderán presentarse do 1 de xaneiro ata o 10 de decembro de 2009.**

Axudas para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas titulares ou cotitulares de explotacións agrarias (DOG 14 de xaneiro de 2009)

Mediante estas axudas téntase promover a afiliación á Seguridade Social de persoas titulares ou cotitulares de explotacións agrarias da Galiza, especialmente das mulleres, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

A axuda correspondente ao ano 2008 varía, en función da persoa beneficiaria, entre os 30,65€ mensuais e os 76,62€ mensuais e a correspondente ao ano 2009 varía entre os 31,25€ mensuais e os 78,13€ mensuais.

Poderán presentarse solicitudes de axuda ata o 30 de setembro de 2009.

Axudas para o fomento das frondosas caducifolias
(DOG 27 de febreiro de 2009)

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas os propietarios e propietarias particulares, as agrupacións destes propietarios e propietarias, as cooperativas agrarias, os pro indivisos, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas, as comunidades de montes veciñais en man común e as unidades de xestión forestal (Uxfor).

Os importes de subvención corresponderanse oscilarán entre o 80% e o 70% do valor máximo do investimento realizado. A través desta liña de axudas poderanse realizar plantacións de frondosas caducifolias e aproveitamentos, plantacións de castiñeiros en marcos amplos e outros aproveitamentos na superficie.

O prazo para solicitar estas axudas permancerá aberto ata o 27 de marzo,excepto para as UXFOR que poderán presentar solicitudes de axuda ata o 27 de xuño de 2009.

Subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción (DOG 3 de marzo de 2009)

A Consellaría de Vivenda e Solo pon en marcha unha liña de axudas dirixida aos promotores de vivendas unifamiliares rurais con baixos ingresos para que poidan rematar os exteriores das súas casas.

A subvención é o equivalente ao 30% do custe da obra realizada, cunha contía máxima de 6.000€

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 1 de xuño de 2009

Subvencións para a renovación de instalacións eléctricas de baixa tensión no interior de vivendas habitadas en Galiza (DOG 27 de febreiro de 2009)

Poderán acceder á condición de beneficiarias/os as/os propietarias/os de vivendas habitadas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e as comunidades de bens. A contía máxima das subvencións para cada instalación obxecto de renovación ascende ata un 50% do investimento realizado, cun máximo de 1.000€ en investimentos realizados no interior de vivendas.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 27 de marzo de 2009.

XORNADA DE SEGUROS AGRARIOS (sector da gandaría) organizada polo SLG para o próximo **27 de marzo en Santa Comba**. Máis información nos locais do Sindicato Labrego Galego.

SE TES UNHA AXUDA DE INCORPORACIÓN OU PLAN DE MELLORA E O BANCO CO QUE TRAMITACHES PRÉSTAMO ESTÁ A POÑERCHE PROBLEMAS, ACUDE AO TEU LOCAL DO SLG MÁIS PRÓXIMO. PRECISAMOS SABER DE TODOS OS CASOS PARA PRESIONAR E RESOLVER ESTA GRAVE SITUACIÓN DE ABUSO.

Axudas PAC e CES (DOG 30 de xaneiro de 2009)

O prazo para solicitar as axudas da PAC e do CES permancerá aberto ata o 30 de abril de 2008. Para obter máis información sobre estas liñas de axudas así como para a tramitación das mesmas poderán pasar polos locais do SLG.

Tramitaremos CES e PAC, faremos aconsellamento e o seguimento do CES.

Axudas para os plans de reestruturación e reconversión da viña en Galiza (DOG 4 de febreiro de 2009)

Poderán ser beneficiarias/os desta liña de axudas as/os viticultoras/es que soliciten unha axuda á reestruturación e/ou reconversión de viña.

A porcentaxe de axuda sobre os investimentos finalmente aprobados será como máximo do 75% no caso de plans colectivos, e do 63,75% no caso de plans individuais. Para o operación de elevadores, esta porcentaxe será do 50% e 42,50%, respectivamente. A compensación aos viticultores pola perda de renda concederase durante dúas campañas. O seu importe será de 1.600€/ha en cada campaña.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 20 de marzo de 2009

Subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia (DOG 24 de Febreiro de 2009)

A Consellería de Vivenda e Solo convoca axudas para realizar actuacións de rehabilitación e renovación de vivendas no medio rural.

Para poder beneficiarse destas subvencións será necesario estar en posesión da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, ou estar en posesión da cédula de rehabilitación de calidade.

A contía da subvención non superará o 50% do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, sen superar a cantidade de 24.000€.

Poderán presentarse solicitudes de axuda ata o 1 de setembro de 2009.

Axudas para o fomento de razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción
(DOG 24 de febreiro de 2009)

Poderán acollerse a estas axudas as organizacións e asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción.

Subvencionarase a realización de estudos e estatísticas sobre os aspectos etnolóxicos, zootécnicos e produtivos das especies, así como sobre a súa caracterización morfolóxica e reprodutiva, a educación, formación e divulgación de coñecemento científicos en materia zootécnica, a organización de certames gandeiros e participación neles, a creación ou mantemento de libros xeneolóxicos, a elaboración de programas de conservación e mellora xenética e a súa posta en práctica, a creación de bancos ou reserva en vivo en centros autorizados oficialmente.

A contía total da subvención oscilará entre o 40% e o 100% do investimento en función da actuación realizada.

Poderán presentarse solicitudes de axuda ata o 24 de marzo de 2009

O Sindicato Labrego Galego quere informar a toda a afiliación que creou un ficheiro de datos denominada BASLG, á cal incorporou os datos persoais que figuraban nos ficheiros de datos anteriores.

Este ficheiro de datos de carácter persoal está suxeito á Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como ás normas de rango inferior que desenvolven a mesma.

A creación ficheiro ten como finalidade a prestación dos servizos aos que ten dereito a afiliación así como o desenvolvemento das actividades que os órganos do Sindicato Labrego acorden, garantindo a seguranza dos datos da afiliación.

Conforme ao establecido nesta normativa calquera persoa que figure na mesma pode exercer os dereitos de aceso, rectificación, cancelación e oposición respecto dos mesmos enviando un escrito dirixido a Sindicato Labrego Galego, rúa de Touro, 21, 2º - 15.704 - Santiago de Compostela, acompañado dunha copia do seu D.I., ou enviando un correo electrónico coa súa sinatura dixital ao seguinte enderezo: nacional@sindicato-labrego.com. Tamén poden achegarse ao local do Sindicato máis próximo e falar coa/co responsábel do mesmo.

Aquelas afiliadas e afiliados que cambiasen a súa dirección, número de teléfono ou calquera outro dato relevante e queiran comunicárnolo poden achegarse polo local do Sindicato máis próximo e falar coa/co responsábel do mesmo.

O pasado 15 de xaneiro abriuse o prazo de subscrición de seguros de viñedo. Infórmate nos locais do Sindicato Labrego Galego.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Pala de tractor para JONH DEERE 35-40 ou 50. De enganche rápido. Modelo BMH 6,000-4xD, nº10802.
TLF: 986 580 990 e 678 079 473

Alpacas de herba seca grandes, ben colleita, ano 2008. MESIA, A Coruña.
Telf: 981 68 71 02
(José Manuel)

Puntos de vacas nodrizas. Oroso, comarca de Ordes.
Telf: 981 69 45 73. (Pilar)

Becerras Rubias e 3 becerras Asturianas de Los Valles
Tlfno: 982 39 10 08

Pala cargadora para tractor
marca: BMH. Modelo: 6000 4XD/2
TLF: 986-580990/678-079473

Mel multifloral de colleita propia do interior da provincia de Ourense.
TLF. 685 977 783

Pala dun tractor (marca TENIAS B2) en Vilalba.
TLF:664/65-24-69

Rolos de herba seca e pan de centeo.
TLF.: 676168523

HERBA SECA E SILO
TLF: 982 / 50.57.98
"Santa Cristina - Cospeito"

Pincho para carregar rulos de palla e carretillas marcas: CATERPILLER e TOYOTA de 2.500 kgs, triple mástil, elevación libre e desprazador late-ral.
TLF: 650 01 92 75

Xaulas de coellos, completas e en bo estado. moi baratas.
TLF: 988-45-74-00 (Chamar pola noite)

Máquina de sementar millo de cinco regos.
TLF: 676 227 645.

Autocargador con rotativa MORRA.
TLF: 636.650.908

Rexistradora SHARP, modelo XEA 301. Seminova e en moi bó estado.
TLF: 696329600- 653439147

-Rolos de herba seca en Cospeito.
TLF: 982 50 57 55

Esterco de vaca misturado con toxo.
TLF: 646074892 e 988401304
San Amaro (Ourense)

Desensiladora marca MULLOS, en bon estado.
TLF: 676 227 645.

Sala de Ordeño marca Manus de 5 puntos en espiña de pescado. Véndese Silo para pienso de 5000kg.
TLF: 982 164 225 / 649 310 981

Citroen ZX 1.9 diesel do ano 95, en moi bo estado.
TLF: 986 580 990 / 678 079 473
-Enfriadeiro 500 litros semi-novo
-Véndese cirucuito de ordeño 3 puntos de ALFA LEVAL semi-novo.
TLF: 982 144 078
(Divina - chamar ao mediodía ou noite)

-Tanque do frio de 650 L
- Millo para ensilar, 7 Ha Finca en transición a ecolóxico na zona de Melide.
TLF: 639 512 823

Egua de pura raza española. Bo prezo.
TLF. 636 096079

Por abandono de explotación:
-Rotativa de 1.65m
-Circuito 3 puntos
-Tanque do frio de 550 L
-Extendedor da herba
TLF:660-48-58-56. Zona de Boimorto

Remolque esparcidor de esterco (abonador) de 8 m3 ; 1.500€ ; ou troco por un mais pequeno.
TLF: 605676351. (Isidro)

Herba seca ben recollida.
TLF.: 981 198 715

-Remolque autocargador de forraxes con picador
-Marca POTTINGER, modelo EUROPROFI2.
TLF: 645 972 617

Monovolume 7 plazas. Hunday SVX H1 2500cc turbo-diesel, direccion asistida, 94800 Km 8 anos. Metalizado. Moi bo estado.
TLF.: 699 334 378

Can pastor alemán con pedigree.
TLF: 630-75.72.72

Empacadora BAYER. A máis estreita do mercado.
TLF: 649016125

Arado de tres regos, marca KHUN. En bon estado.
TLF: 690 828 935

Viño caseiro e augardente.
TLF: 986 689 486 (Ana)

-Sala de ordeño marca WESFALIA de cuatro puntos con descarga y lavado automático
-Dous medidores de tanque frío JAPI de 650 litros.
TLF: 982 / 52-74-06

Trigo do País
TLF.: 696 66 00 23 (Xosé Manuel)

Excavadora articulada de 105 CV mixta e con enganche rápido diante e atrás. Bo estado.
TLF.: 981 199 048 (Chamar ao mediodía ou pola noite)

Colmeas
TLF.: 690 621 870 (Isabel)

Fanse traballos en pozos artesanos (limpezas, afondar, emparedar...)
Presuposto sen compromiso.
TLF.: 662 084 529

-Rolos de herba seca. Provincia de Lugo.
TLF.: 655 454 367

-Tractor "Case" de 130 cabalos modelo "siso"
-Remolque esterco
-Cargador rotativo "Basso"
-Tractor Masey 178 con pala e bomba hidráulica adicional .
TLF. 676 600 399

-Touro Lemousine moi manso
TLF´s: 986 586 622 /615 414 106

- Vacas de carne por abandono.
- Opel Astra 1700-turbo-diesel; 11 anos e en bo estado, con enganche para remolque. Zona de Arzua.
TLF: 626 315 059

Empacadora MASSEY-FERGUSON 122 con levantamento hidráulico de 1.80m
TLF. 986 58 40 70

- Autocargador segador rotativo BONNINO AB45.
- Rotativa MEYER de 1.85m de corte.
Ambos en bon estado de uso.
TLF.: 661 332 991 / 982 345 011

Rebaño de vacas cachenas.
TLF.: 605 897 352 (Jesús)

Batidor de purín.
TLF.: 982 150 121 (Suso)

Remolque de tractor, arados marca GOMEZ, 16"; unha rotativa marca KHUN de cinco discos.
TLF.: 696 004 515

-Autocargador de 22 metros, marca MAGLOSA
-Autocargador picador marca MENGUELE de 45 metros, coche VOLSKWAGEN GOLF, bó prezo.
TLF.: 686 625 657

Alpacas de palla de trigo e trigo tremesiño.
TLF: 982 302 229

Abonadora en bó estado e rotativa (Val do Dubra)
TLF: 679 270 999

-Tractor JOHN DEERE 5500 80 CV
-Cisterna xurro 3000 L.
TLF: 982 541 079 (Emilio)

Véndese pincho para rolos de 4 metros de altura.
TLF. 982330429 / 630382654

Tractor EBRO 160 en moi bo estado e a moi bo prezo
TLF: 982 18 30 19

LLantas Marca Momo de 5 buracos; remolque agrícola preparado para rolos de herba con documentación; tractor 515 JHON DEERE e AUDI 80.
TLF: 686 596 260 (Ovidio)

Estrume de becerros e vacas
TLF: 677481505

Vacas rubias
TLF: 689 752 400

-Sala de ordeño seminova, 6 puntos
-Novillas do país.
TLF: 648 187 857 Zona Aranga

Tanque de frío de 545 litros de capacidade. Marca Alfa Laval con 5 anos de uso.
TLF: 628 293 634

Dereitos de nodriza e vacas de carne"
TLF: 677 461 844 (Amada)

Circuíto de 4 puntos e tanque de frío de 1500 litros.
TLF: 986 684 327

Tanque de frio manus 730i trifásico. motor menos de 5 anos, 1700 €
TLF: 666 363 266

Dúas bestas, un cabalo e unha vaca preñada.
TLF: 670 895 789

30 rolos de herba seca. O Corgo-Lugo
TLF: 982 176 748

Arado de dous regos (marca Arazal) con duas vertedeiras de reposto. En moi bo estado.Interesados chamar ó
TLF.651 097 098

25 ovellas con dereitos.
TLF 982 31 06 55

Rulos de herba seca en ordes.
TLF: 981 68 09 12

1,7 dereitos de vacas nodrizas.
TLF: 982177805

Remolque de coche marca ALVI, 1 eixe sen freno, chapa punta de diamante e 175 cm de longo. Un ano, semi-novo. 850 euros.
Xoan Carlos. TLF:605 788 699.

COMPRAS

Silo de pienso con capacidade de arredor de 6000 Kg.
TLF: 986 58 40 70

Mércase sementadora de patacas.
Telf: 981 66 92

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Búscase traballador/a para explotación agraria. Zona entre Alto Xestoso e Xermade.
TLF: 627 950 681

-Ofrécese peon para traballos agrarios e forestais.
- Fanse traballos de plantacións, podas, desbroces de fincas e montes.
TLF.: 686 753 105.

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 629 973 867

Procúrase parella para traballar en explotación en Rois. Contrato indefinido.
TLF: 649 541 898 (Rafael)

Busco traballo en explotación agrícola ou Gandeira na Provincia da Coruña.
TLF: 646 806 414 (Mbarek)

Búscase traballador/a para explotación de vacún de leite en Teixeiro. Boas condicións interesados chamar.
TLF: 981 789234 - 653781267

OUTROS

Arréndase cota láctea, 30.000kg
TLF: 981 19 68 32
ZONA MONFERO

Arréndanse instalacións de explotación gandeira.
TLF: 981 622 950 - 685 180 025 - 675 720 485.ZONA SADA

Cambio xenerador de 650 watios por un máis potente.
TLF: 689 752 400

Fanse traballos de restauración de madeira en horreos e vivendas (vigas, puntos,...)Presuposto sen compromiso.
TLF: 654 517 429 (JESÚS)

Alúganse 90.000 kilos de cuota láctea.
TLF: 629 585 525. (Víctor)

Arréndase explotación na provincia de Lugo: 115HA. de terreo, 600 000l. de cota, 180 cabezas de gando
TLF: 637 833 032

Regálanse 6 cans de raza pequena, zona de Lourenzá. Teñen catro meses.
TLF: 639 660 151 (Carmen)

Búscase explotación para alugar, preferentemente provincia de A Coruña.
TLF: 622 712 996 (Xoan)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correio electrónico *prensa@sindicatolabrego.com*. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Viños, augardentes e licores galegos con denominación de calidade

Hai etiquetas
que distinguen
a túa vida



Distingue a túa vida

Ti sabes converter as boas ocasións en momentos únicos. Disfrutas apreciando toda a calidade e a personalidade que nace das viñas da túa terra. Por iso, elixes viños, augardentes e licores galegos con denominación de calidade.
Porque sabes que hai etiquetas que distinguen a túa vida.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural